

ARTIGO 8 NORMAS DE XESTIÓN

As persoas interesadas na prestación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais, actividades inocuas e cambios de titularidade, presentarán previamente no rexistro xeral a oportuna comunicación previa ou declaración responsable, dacordo co sinalado na “Ordenanza municipal para a simplificación administrativa no concello de Pontearreas, reguladora dos procedementos de comunicación previa e declaración responsable para prestación de servizos, instalacións e apertura de establecementos comerciais e actividades inocuas, cambios de titularidade e licenzas para obras e instalacións menores por actuación comunicada” con especificación da actividade a desenvolver no local e de aquelas circunstancias ou datos que houberen de servir de base para a liquidación da Taxa.

ARTIGO 9 LIQUIDACIÓN E INGRESO

A presentación da declaración responsable ou comunicación previa leva consigo a presentación dunha autoliquidación conforme aos datos declarados polo solicitante. A estes efectos, cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente se cumprimentará tamén debidamente o impreso de autoliquidación. O interesado terá que adxuntar á solicitude a acreditación de haber efectuado o pago da taxa.

As autoliquidacións practicadas conforme os datos declarados polo solicitante terán a consideración de provisionais, e poderán ser comprobadas pola Administración municipal.

(Dita autoliquidación será obxecto de comprobación polo Concello unha vez que se houberen realizado as actuacións de control, emitíndose unha liquidación complementaria no caso de que fora necesaria.) As liquidacións practicadas no procedemento inspector tras a comprobación e investigación terán carácter de definitivas.

ARTIGO 10 INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor ao seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**ARTÍGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licenza de apertura de establecemeentos, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuas normas atenden ao previsto no artigo 58 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

ARTÍGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE.

Constitue o feito imponible da taxa da actividade municipal, tanto técnica como administrativa, que tende a verificar e comprobar si as actividades e instalacións que se desenvolvan ou realicen no termo municipal do Concello de Pontearreas se axustan ao ordenamento xurídico vixente, de acordo coas facultades de intervención administrativa na actividade dos cidadáns e as empresas conferidas aos concellos polo artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, pola normativa reguladora das actividades recreativas e polo resto da normativa xeral ou sectorial e as ordenanzas municipais que confiren potestades de intervención deste concello para a prevención e control das actividades dos cidadáns e as empresas.

ARTÍGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

1. Dacordo cos artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, son suxeitos pasivos desta Tasa, en concepto de contribuintes e, por tanto, obrigados tributarios, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias, que sexan titulares da actividade que se pretende desenvolver ou que de feito se desenvolve, en calquera establecemento industrial ou mercantil.

ARTÍGO 4º.—RESPONSABLES.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da debida tributaria se estará ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTÍGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE

Constitue a base imponible desta Taxa:

3. A cuota da Licenza fiscal, mentes non entre en vigor o Imposto Municipal sobre actividades económicas. A partires de dito momento a referencia se entenderá feita ao citado imposto.
4. Si por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fora posible determinar a base imponible se considerará como tal a renda anual que corresponda ao establecemento, cúa determinación farase observando as seguintes regras.
 - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interese legal do Banco de España ao valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens inmoables.
 - b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendamento, subarrendamento, cesión ou calquer outro título que ampare sua ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas a renda, no seu caso. Si no contrato apareceran pactadas rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores a solicitude da licenza anterior, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores a solicitude da licenza anterior, tomarase como base imponible esta última.
 - c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeito á Taxa, a base deste último será a que proporcionalmente a sua superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme as regras precedentes, se impute a dito local.
 - d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a imponible será a renda anual que corresponda a superficie na que se ampliou o local calculada con arreglo ao previsto nas regras anteriores.

ARTÍGO 6º.—CUOTA TRIBUTARIA.

A cuota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTÍGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da Taxa.

ARTÍGO 8º.—DEVENGO

A taxa acredítase e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constituie o feito imponible. A estos efectos ,entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da solicitude que inicie o correspondente procedemento, si o suxeito pasivo o formula expresamente.



Cando o procedemento se inicie de oficio ou a instancia dunha persoa diferente ao suxeito pasivo ,a taxa acreditarase na data na que se dicte a resolución de incoación do correspondente procedemento.

Cando a actividade ou a instalación se desenvolvan ou se realicen sen terse verificado ou comprobado previamente polo concello que se axuste ao marco normativo ao que fai referencia no artigo 2 desta ordenanza, a taxa acreditarase cando sexa iniciada efectivamente a actividade municipal que constitue o feito imponible.

Unha vez iniciada a obriga de contribuir ,non estará afectada de ningún xeito pola denegación do obxecto dos correspondentes procedimentos aos que se refire o artigo 2 ou pola súa concesión supeditada a condicións , nin pola renuncia ou desestimento do solicitante despois de que se haia resolto o procedemento correspondente

ARTÍGO 10. – LIQUIDACIÓN E INGRESOS.

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación cando os procedementos se inicien a instancia do suxeito pasivo. A estes efectos , cando se presente a solicitude que inicie a actuación ou o expediente se cumprimentará tamén debidamente o impreso de autoliquidación. O interesado terá que achegar á solicitude a acreditación e ter efectuado o pago da taxa .

Nos supostos distintos do anterior , a taxa será liquidada pola Administración, que a notificará ao suxeito pasivo, para seu pago

ARTÍGO 11º. – INFRACCIÓNS E SANCIONNS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, sexa disposto na Lei General Tributaria.

DISPOSICION FINAL.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO:

- A) A tarifa de “Licenzas de aperturas de establecementos”; aplicarase da seguinte maneira:
- A tributación será do 150% sobre a cuota do IAE.
 - De tratarse de actividades consideradas como Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, a tributación será do 200% sobre o IAE”

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DAS LICENZAS PARA CONSTRUCCIONS, OBRAS E INSTALACIONNS

ARTÍGO 1. – FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

1. – Constitue o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos a concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse no Concello para a execución de calquer clase de construcións e outras ou instalacións no termo do Concello, así como a prestación doutros servizos urbanísticos.

2. – A taxa cobrarase ao inicio da prestación do servizo por parte da Administración Municipal, coa recepción da solicitude e a correspondente iniciación do expediente.

3. – Unha vez creada a obriga de contribuir, non se verá afectada de xeito algún pola denegación da licenza solicitada, a renuncia, ou o desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.